

O profesorado do IES Manuel García Barros da Estrada diríxese á opinión pública para amosar a nosa postura respecto aos acontecementos dos últimos días:

Contrariamente ao que parece ser a opinión xeral, estamos convencidos de que o acontecido no centro debe ser tratado con rigor, seriedade, prudencia e discreción. Se permanecemos até o de agora en silencio foi porque coñecemos e respectamos a lexislación vixente, e porque todo o que se diga publicamente pode afectar ás investigacións en curso, tanto no ámbito académico como no ámbito policial.

Os xuízos precipitados dos que de maneira irresponsable e sensacionalista se está a facer eco unha parte da prensa, só contribúen a producir unha maior confusión e unha alteración dos ánimos que en nada axuda á correcta resolución do caso.

Entre eses xuízos precipitados temos que mencionar nomeadamente os do Delegado do Goberno, os dos representantes dos FANPA e FESANPA, e os dalgunha asociación que se erixe, sen que saibamos con que lexitimidade, en voceira do alumnado.

Por contra, botamos de menos ás nosas autoridades tanto académicas como políticas, que co seu habitual silencio demóstrannos unha vez máis o desamparo co que exercemos as nosas tarefas.

A pasada semana os medios de comunicación difundiron unha noticia que pouco a pouco foi acadando certa difusión: as contas de correo e claves de acceso ao sistema de xestión educativo do profesorado do IES Manuel García Barros foron masivamente vulneradas.

Até onde nos está permitido, presentamos resumidamente os feitos:

O pasado xoves, 18 de maio, detectamos certas irregularidades que apuntaban a un acceso ilícito ás contas de correo do profesorado do IES Manuel García Barros. Ese acceso ilícito afectou tanto aos correos corporativos, que temos como funcionarios da XUNTA, como ao correo do centro que usamos no ámbito educativo. Despois dun exhaustivo traballo detectouse que en varios ordenadores do centro foran instalados unha especie de «programas espías» que rexistraban as claves de acceso ás contas, unha vez tecleadas. Unha vez revisados os ficheiros de rexistro dos servidores dos servizos afectados, comprobouse un elevado número de accesos ilícitos aos nosos correos e ás aulas virtuais do profesorado. Eses accesos ilícitos producíranse repetidamente desde enderezos IP alleos aos titulares das claves. A partir dese momento, a Dirección do centro tomou as medidas oportunas.

Desde ese día, puxéronse en marcha as dúas únicas instancias con competencias para esclarecer o acontecido:

1. En primeiro lugar, puxéronse en marcha as instancias académicas. Comunicáronse os feitos á Inspectora de Centro, e a Xefatura de Estudos abriu varios expedientes disciplinarios ao alumnado directamente implicado.
2. Por outra banda, e tendo en conta o carácter masivo dos accesos ilícitos aos correos do profesorado e a probable vulneración da privacidade de datos, profesionais e persoais, o pasado venres, 19 de maio, interpúxose unha denuncia ante a Unidade de Delitos Telemáticos da Garda Civil. A única intención desta denuncia foi, e é, a de determinar se se incorreu nalgún delito, algo que en ningún momento o profesorado deu por seguro, e que ninguén está en disposición de determinar, nun Estado de Dereito, até que non se manifesten as instancias pertinentes.

Continuando cos feitos, o pasado mércores, 24 de maio, decidiuse en Claustro a suspensión do Acto de Despedida de Segundo de Bacharelato.

Creemos fundamental aclarar previamente certos aspectos legais de procedemento. Ese Acto forma parte das Actividades Extraescolares de Centro e é presentado polo profesorado, previa aprobación no Claustro, ao Consello Escolar para a súa definitiva aprobación. A súa suspensión, como a de calquera outro acto extraescolar, non está legalmente supeditado, por obvias razóns operativas, ao Consello Escolar senón que forma parte das atribucións do propio Claustro de Profesores.

Dito isto, a razón última da suspensión polo Claustro desa actividade extraescolar é que, sendo o profesorado quen a organiza, consideramos que non tiña sentido unha cerimonia festiva e de celebración cando estabamos ensumidos en semellante desconcerto e desolación.

Presentados os feitos, o profesorado do IES Manuel García Barros considera importante presentar catro aclaracións:

En primeiro lugar, que é obriga de todos colaborar coas instancias académicas e coa Unidade de Delitos Telemáticos da Garda Civil para esclarecer os feitos. A este respecto resultan indignantes as declaracións á prensa do Delegado do Goberno que se permitiu opinar, de forma frívola e irrespectuosa, sobre un caso que non lle compete ao poder executivo polo que só se pode interpretar como unha inxerencia intolerable.

Consideramos, **en segundo lugar**, que é deplorable o espectáculo que se está a reproducir nos medios e nas redes sociais ao basearen a súa información en filtracións, deformacións, distorsións, e opinións de persoas que descoñecen os feitos. Pedimos prudencia, responsabilidade e sensatez. Hai que lembrar que estamos a falar dun presunto caso delitivo moi complexo e que se refire a un colectivo maioritariamente menor de idade como é o do alumnado. Toda información filtrada, verdadeira ou falsa, e todo comentario sen base, frívolo e insensato, prexudica o esclarecemento dos feitos e só pode producir preocupación, dor e indignación.

En terceiro lugar, non entendemos que ninguén queira ver na suspensión do Acto de Despedida de Segundo de Bacharelato unha presunción de culpabilidade. Entendíamos a ilusión que o alumnado podía ter até o punto de que en todo momento se lles facilitou que fixesen a súa festa sen a presenza do profesorado. O que nos preocupa como educadores é a desmesurada importancia que se lle deu a esta suspensión tendo en conta a magnitude dos feitos presuntamente delitivos que se ían coñecendo. Sen dúbida, os nosos valores non son os mesmos que os dos que consideran un agravio esa suspensión.

E finalmente, **en cuarto lugar**, non imos tolerar de ningún xeito que se poña en dúbida a nosa implicación profesional e emocional co noso alumnado. Non hai, nin houbo, nin haberá, pola nosa parte, máis interese que o correcto esclarecemento dos feitos para o ben da comunidade educativa.

A este respecto, non podemos deixar de deplorar especialmente as declaracións, en documento público, do Presidente das ANPA de Centros Públicos de Pontevedra, FANPA. A insidia que deitan estas declaracións sobre o profesorado do IES Manuel García Barros son impropias de quen debería defender unha postura de calma, sensatez e colaboración coas

autoridades académicas e policiais. E o peor é que, como non houbo ningunha manifestación pública por parte da ANPA do IES Manuel García Barros, nin de forma colectiva nin a título individual, que corríxise, matizase ou se desmarcase destas declaracións, temos que considerar que reflicten o sentir do colectivo de Nais e Pais do noso alumnado.

Como non hai practicamente nada na incualificable declaración pública do Presidente da FANPA que non sexa unha terxiversación malintencionada para intentar facer recaer no profesorado a responsabilidade dos graves feitos acontecidos, sería imposible ofrecer neste comunicado unha resposta adecuada e xustificada a todas as acusacións vertidas. Moitas delas proceden dun descoñecemento do máis básico funcionamento legal dos protocolos académicos, increíble e intolerable ignorancia nunha persoa que representa as ANPA da provincia de Pontevedra. Pero os aspectos que de forma máis urxente queremos aclarar son as acusacións nas que se pretende unha inversión moral que converta as vítimas, os profesores, en culpables.

Dise, no devandito comunicado que *«polas informacións que se están publicando, pode haber tamén negligencia por parte do profesorado, falta de control de seguridade no uso dos equipos do centro, a utilización de contas persoais en horario (sic) e para actividades profesionais (sic)»*. Dado por perdido o entendemento co Presidente da FANPA, dirixímonos as Nais e Pais de alumnos ás que di representar para aclararlles tres ideas moi básicas sobre o funcionamento do noso centro:

—Seguindo o modelo de aula dixital que hai na maior parte dos centros de secundaria de Galicia, cada aula do IES Manuel García Barros está dotada de polo menos un ordenador que está a disposición do alumnado para moitas das súas actividades escolares. É imposible e pouco operativo establecer un control exhaustivo desas entradas. Introducir programas espía é unha operación que require apenas uns segundos e moi pouca pericia.

—Ao principio de cada clase, o profesorado adoita entrar no programa XADE e nas contas persoais nas que a maioría temos o material para o proceso de ensino, e nas dúas éntrese usando unha clave persoal e inviolable. Entrar nesas contas é parte ineludible do proceso educativo e non ten nada que ver, como se suxire insidiosamente, co uso privado do tempo de traballo.

—Existen varios sistemas de seguridade informática no centro, algún subministrado pola Xunta e outros habilitados polo persoal docente que se dedica, moitas veces fóra do seu horario lectivo, a estas tarefas. Pero por moitos sistemas de seguridade que se usen, ningún ordenador está libre de intromisións, como se puido comprobar a nivel mundial nos pasados días.

Dise tamén no devandito comunicado que *«non compartimos e reprobamos converter esta cuestión nun asunto de debate público cando pode e debe solucionarse no ámbito da comunidade educativa do centro»*. Como calquera cunha formación básica *pode e debe* saber, os presuntos delitos non se poden solucionar academicamente senón a través das canles pertinentes. E respecto ao de converter o caso en motivo de debate público, o profesorado intentou precisamente o contrario: agardar a que as instancias competentes esclarecesen os feitos. De aí o noso respectuoso silencio. Foron outras persoas, entre elas nomeadamente o Presidente da FANPA, as que o levaron ao ámbito público, de forma imprudente, coas pésimas consecuencias que agora sufrimos todos.

Non temos intención de seguir aumentando a polémica con máis declaracións. Pedimos unha vez máis sensatez, medida e responsabilidade a todas as partes implicadas. Deixemos traballar ás instancias competentes e agardemos ás súas resolucións. Aquí seguimos e seguiremos traballando para sermos parte da solución e non do problema, e para que o noso centro volva ser o que nunca debeu deixar de ser: un centro educativo.